

LIBRO**O acordo posible**

30.05.2008 O escritor e xornalista Agustín Remesal, que presentou onte en Santiago "Gaza: una cárcel sin techo", ve saídas para a paz en Oriente Medio

M. DOPICO . SANTIAGO

"Creo que pode haber acordo entre palestinos e israelís. O primeiro problema é a división territorial, que haxa unha fronteira ben definida e segura, para poder facer un Estado palestino. O segundo é o dos refuxiados, no que Israel non vai dar o brazo a torcer porque perdería a batalla demográfica. Se Israel consegue ter certas zonas de seguridade e o control de Xerusalén este, pode haber acordo. Os palestinos van perdendo máis cada ano, o mapa vai parecendo máis un queixo gruyere...". O escritor e xornalista Agustín Remesal expresou, deste xeito, nunha entrevista, a súa visión do conflito palestino-israelí. Remesal, que foi correspondente de TVE en Oriente Medio, presentou onte na Fundación Araganey, en Santiago, o seu libro *Gaza: una cárcel sin techo*, editado por Catarata.

"Cheguei a Palestina en plena efervescencia da Segunda Intifada. Despois vivín a morte de Arafat, a saída da escena política de Sharon, o ascenso de Hamas e a súa toma de poder en Gaza... *Gaza: una cárcel sin techo* é un libro de narración periodística, no que falo moito de como traballamos alí... É un libro sobre Gaza, non sobre o conflito. Conta que pasou, como se vive alí, e como é un dos referentes do conflito hoxe", explicou.

"A morte de Arafat acabou co último bastión da vella garda da OLP. Os seus sucesores entraron realmente, a pesar da corrupción, nunha vía máis democrática. Sharon era un visionario, a única persoa que tería sido quen de negociar a tumba aberta cos palestinos. Sobre Hamas deuse unha idea demasiado uniforme. Cando naceu, si querían destruír o Estado de Israel. Pero hoxe hai en Hamas moitas concepcións. Hai un Hamas máis dialogante. Non todos están no esquema islamista radical. E o seu ascenso electoral explícase en boa medida pola axuda social que prestaron", comentou.

Remesal interpreta a Segunda Intifada como "o erro histórico de Arafat, que pagaron os palestinos", e como o resultado do "fracaso da aplicación dos acordos de Oslo. Israel non parou a ocupación, e os palestinos comezaron a traer refuxiados...", sinalou.

REFLEXIÓNS

A cuestión de fondo

O fondo do conflito israelí-palestino é, segundo Remesal, "o dun pobo sen Estado, o palestino, que vivía nunha terra desde había séculos, fronte a un Estado novo, o israelí, que cunha potencia enorme, e por razóns de supervivencia despois do Holocausto, reclama a posesión completa desa mesma terra. Cos acordos de Oslo, Israel non lles devolvía nada aos palestinos se tomamos como referencia a liña verde do ano 1948. Pero si o facía se consideramos a situación sobre o terreo, e de feito fíxoo en Gaza".

O fondo do conflito israelí-palestino é, segundo Remesal, "o dun pobo sen Estado, o palestino, que vivía nunha terra desde había séculos, fronte a un Estado novo, o israelí, que cunha potencia enorme, e por razóns de supervivencia despois do Holocausto, reclama a posesión completa desa mesma terra. Cos acordos de Oslo, Israel non lles devolvía nada aos palestinos se tomamos como referencia a liña verde do ano 1948. Pero si o facía se consideramos a situación sobre o terreo, e de feito fíxoo en Gaza".

"Sobre o conflito hai moita contaminación ideolóxica e derivada das imaxes violentas e simplificadoras dos medios. Os datos non son simples, é algo moi complexo", engadiu.

A comunidade internacional

Agustín Remesal referiuse tamén á responsabilidade no conflito da comunidade internacional. "Bush non fixo nada, e aínda puxo as cousas peor. Hamas é un produto da política de Bush. Europa debería dar un paso forte adiante, aínda que Europa si fai algo en axuda humanitaria", opina.

Agustín Remesal referiuse tamén á responsabilidade no conflito da comunidade internacional. "Bush non fixo nada, e aínda puxo as cousas peor. Hamas é un produto da política de Bush. Europa debería dar un paso forte adiante, aínda que Europa si fai algo en axuda humanitaria", opina.

Sobre a situación en Gaza, afirma que "puntualmente acéndese a alarma por cuestións como a luz, medicamentos ou a electricidade. Raramente pola comida. Vívese do modo que se pode vivir nun cárcere de millón e medio de persoas en 500 quilómetros cadrados, sen dereito de mobilidade. A saída a Exipto foi unha válvula de escape".